

# OBRADOIROS en liña

## XERACIÓN DE APLICACIÓNS DE REALIDADE VIRTUAL E AUMENTADA CON



A pesar de ser unha plataforma inicialmente concebida para a creación de videoxogos, UNITY é unha ferramenta moi utilizada no ámbito empresarial para xerar aplicacións de mantemento, formación ou márketing, entre outras.

Unity permite xerar aplicacións de Realidade Virtual e Aumentada para múltiples plataformas: PC e MAC, teléfonos móbiles e tabletas Android e IOS, lentes de Realidade Virtual e Aumentada e mesmo para CAVE's de Realidade Virtual.

O CIS Tecnoloxía e Deseño da Axencia Galega de Innovación ( GAIN) lanza este ciclo de talleres co fin de facilitar a entrada en contacto con esta ferramenta que é sumamente versátil, cun gran campo de aplicación, e que pode mellorar tanto a empregabilidade de técnicos/as desempregados/ as, como a súa mellora no posto de traballo, como a ampliación de propostas de autónomos e empresas cara aos seus respectivos mercados.

### Obradoiros

**26Abr**  
10:00-13:00

▷ **Obradoiro de Iniciación a Unity.** Este obradoiro ofrece unha visión xeral de Unity, onde aprenderemos os conceptos básicos da programación gráfica e tamén a facer uso das súas funcións e ferramentas máis comúns. O obxectivo final será o de ser capaces de crear unha simulación 3D desde cero incluíndo as interaccións coa contorna.

**24/25**  
**May**  
10:00-13:00

▷ **Obradoiro de Realidade Aumentada con Unity e Vuforia.** A Realidade Aumentada está a gañar posicións dentro da industria como unha ferramenta fundamental para levar a cabo labores de formación e mantemento de equipos. Existen diferentes posibilidades de implantación, pero Vuforia posiciónase como o referente dentro das librerías de Realidade Aumentada e neste taller aprenderemos a utilizala e crear con ela nosas propias aplicacións.

**14Jun**  
10:00-13:00

▷ **Obradoiro de Realidade Virtual con Unity e Google Cardboard.** Cando falamos de Realidade Virtual véñennos á mente complexos e custosos equipos como lentes ou sistemas de posicionamento que teremos que adquirir para gozala. Neste taller aprenderemos que cunhas simples lentes de cartón ideadas por Google e o noso smartphone, poderemos gozar de nosas propias simulacións de Realidade Virtual cun investimento mínimo.

**11-15**  
**Oct**  
10:00-13:00

▷ **Obradoiro de Scripting en Unity.** Neste obradoiro avanzaremos no desenvolvemento de aplicacións con Unity, centrándonos sobre todo en mellorar as nosas capacidades de scripting.

### Formador

Ángel Casas Polo, **Técnico de Industria Dixital do CIS Tecnoloxía e Deseño, dá Axencia Galega de Innovación ( GAIN).** Licenciado en Informática con 13 anos de experiencia no desenvolvemento de aplicacións de Realidade Virtual e Aumentada.

**Obradoiros en liña gratuitos.**

**Prazas limitadas. Admisión por orden de inscrición.**

Inscricións na web do CIS Tecnoloxía e Deseño.

Acceda aquí:

<https://www.cistecnoloxiaedeseño.gal/es/talleres-generacion-de-aplicaciones-realidad-virtual-y-aumentada-con-unity/>

**Máis Información:**

Tlf: **981 337 133**

e-mail: **infocistd.gain@xunta.gal**



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

